Ser diplomado/a, licenciado/a ou estudante de posgrao en belas artes, historia da arte, filosofía e estética, literatura, humanidades ou crítica. Ou ser un ou unha profesional da arte que, aínda que non cumpra os requisitos anteriores, poida demostrar capacitación no campo.

Posuír a nacionalidade española ou demostrar a residencia desde os cinco anos anteriores á solicitude.

Ter entre 23 e 40 anos.

Dominar o idioma do país onde se atope o centro elixido.

Contar coa aceptación por escrito do centro de formación elixido.

O tempo de goce desta bolsa será de 1 curso lectivo no centro elixido.

O destino da formación debe estar orientado á arte contemporánea (desde as vangardas á actualidade).

De forma excepcional, contéplase a posibilidade de solicitar prórroga no centro de formación elixido, poderá ser total ou parcial segundo determine o xurado e por un período máximo de nove meses.

Convoca: Fundación Marcelino Botín

Dotación: 18.000 € en concepto de viaxes, aloxamento, manutención, etc., aos que se sumarán ata un máximo de 12.000 € destinados a pagar a matrícula no centro de formación elixido.

Máis información: www.fundacionmbotin.org

Prazo de solicitude: ata o 7 de maio ás 14:00 h

II edición da bolsa Proclinic

Obxecto do premio: axudar a través da concesión dunha bolsa á ampliación e especialización da formación en odontoloxía dun recentemente titulado ou titulada, así como publicar, publicitar e dar a coñecer os seus traballos de investigación no ámbito da aplicación de novas técnicas e prácticas odontolóxicas.

A bolsa consistirá nunha bolsa de estudos que necesariamente deberá estar destinada a sufragar os gastos de matriculación, estancia e manutención (se foren necesarios) derivados da realización dunha formación para a especialización en calquera centro académico do mundo.

Á finalización da formación, e nun prazo non superior a dous anos desde a data de concesión da bolsa, deberase entregar a Proclinic unha memoria sobre o estado da cuestión e situación actual do tema recolleito na proposta de estudo sobre novas técnicas ou prácticas odontolóxicas premiada, que incluírá as aplicacións, usos, referencias ou repercusións que estas técnicas ou prácticas poden ter na industria odontolóxica.

Proclinic, se así o considerase, poderá convocar xornadas, seminarios, sesións clínicas, conferencias ou actividades que considere oportunas para divulgar o proxecto de investigación-memoria.

Características: as propostas de estudo incluírán un proxecto de formación posgraduada no que se especificará o centro académico no que pretende realizala e detallará os obxectivos que se pretenden.

Nesta II edición da bolsa Proclinic hai dous premios dotados por Proclinic coa cantidade de 20.000 € e 15.000 €.

A convocatoria está aberta a todos aqueles alumnos e alumnas das facultades de odontoloxía das universidades españolas participantes da bolsa Proclinic que obtivesen a súa titulación académica durante os cursos:

2007-2008 / 2008-2009 / 2009-2010.

Están excluídos os gañadores e gañadoras da bolsa Proclinic de anteriores edicións.

Convoca: Proclinic

Máis información: <https://www.proclinic.es/>

Prazo de presentación: ata o 30 de decembro de 2010

Bolsas para proxectos de investigación de CEALCI

Obxectivos: promover a investigación en materias enmarcadas nas liñas de investigación prioritarias do Centro de Estudos de América Latina e a Cooperación Internacional (CRALCI) da Fundación Carolina, segundo se recolle no apartado do programa de investigación do seu Plan de actuación 2010.

Fomentar a investigación e a divulgación de coñecementos en relación coa comunidade iberoamericana e os países que a integran, e as políticas de desenvolvemento.

Contribuír á formación do persoal investigador.

O importe máximo de cada unha das axudas será de 18.000 €.

Requisitos: poderán ser solicitantes, beneficiarios/as das axudas reguladas nestas bases os investigadores e investigadoras ou grupos de investigación cuxo investigador ou investigadora principal cumpra os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de licenciado ou licenciada universitaria.

Estar adscrito/a a un centro de investigación ou organismo que desempeñe tarefas de investigación e análise nas áreas expostas.

Contar con experiencia investigadora e profesional de excelencia na área de actuación en que concorra a unha axuda baixo esta convocatoria.

Convoca: Fundación Carolina

Máis información: <http://www.fundacioncarolina.es>

Prazo de presentación: ata as 24:00 h (hora española) do día 30 de abril de 2010, e ata as 24:00 h (hora española) do día 30 de setembro de 2010.

Bolsas Eads Fin De Carreira Programa Fundación Sepi – Eads -Casa

A Fundación SEPI, de conformidade cos termos do Convenio de Colaboración suscrito con EADS CASA o 9 de outubro de 2007, prorrogado con data 10 de febreiro de 2010, convoca as bolsas da edición 2010 do Programa Fundación SEPI - EADS CASA, Bolsas Eads Fin de Carreira.

Requisitos:

Ter cidadanía da Unión Europea.

Ser estudante pendente de aprobar, no momento de presentar a solicitude de bolsa, un máximo de tres materias e o proxecto de fin de carreira; ou finalizar a carreira nalgunha convocatoria do curso académico actual ou inmediatamente anterior ao momento de presentar a solicitude, das seguintes carreiras: enxeñeiro ou enxeñeira aeronáutica, de organización industrial, de telecomunicación, en electrónica ou en automática e electrónica industrial, en informática e Industrial.

Terán preferencia no proceso de selección as enxeñarías de Aeronáutica, Telecomunicación e Industrial.

Ter alto nivel de inglés.

Nacer con posterioridade ao 31 de decembro de 1982.

Duración: as bolsas terán unha duración máxima de doce meses, contados desde a data de inicio da mesma.

Lugar de goce: as bolsas convocadas adxudicaranse preferentemente nas Comunidades de Madrid e Andalucía (Sevilla ou Cádiz).

Dotación: unha asignación de 1.000 € mensuais, un seguro de accidentes, que será suscrito pola Fundación SEPI e un seguro de asistencia sanitaria básica, polo período de vixencia da bolsa, que deberá ser suscrito polo bolseiro ou bolseira e que a Fundación SEPI lle reintegrará, ao termo do devandito período.

Prazo de presentación: ata o 15 de decembro de 2010

Mais información: <http://www.funep.es/becas/ecfc-fsepi.asp>

Bolsas SEPI-DELOITTE

A Fundación SEPI, de conformidade cos termos do Convenio de colaboración do 29 de xaneiro de 2010 suscrito con DELOITTE, S.L., convoca as bolsas correspondentes ao Programa DELOITTE 2010.

Requisitos: ser cidadán/á da Unión Europea, estar en posesión dalgún título dos definidos a continuación, recoñecido oficialmente en España: enxeñeiro ou enxeñeira superior de telecomunicacións, industrial, informática ou, alternativamente, outras enxeñarías superiores.

Licenciado/a en economía, administración e dirección de empresas, investigación e técnicas de mercado, ciencias actuariais e financeiras, ciencias físicas, matemáticas ou informática, ciencias e técnicas estatísticas, dereito, psicoloxía, psicopedagogía, socioloxía e ciencias ambientais ou outros títulos propios cuxo carácter se asemelle aos enumerados e cuxa cualificación formal corresponda, polo menos, á licenciatura.

Enxeñeiro ou enxeñeira técnica de telecomunicación e en informática.

Ou ter aprobado todas as materias, con excepción do proxecto fin de carreira, dalgunha das enxeñarías citadas.

Ter un alto nivel do idioma inglés, informática a nivel de usuario, non ser beneficiario ou beneficiaria na actualidade dunha bolsa outorgada por esta fundación ou ter renunciado no transcurso do período formativo a algunha delas.

Máis información: www.funep.es

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Prazo de presentación: ata o 31 de decembro de 2010

Cinco bolsas para cursar un Master of Business Administration (MBA) na China Europe International Business School (CEIBS), establecida en Xangai.

Os/as bolseiros/as deben desprazarse a Xangai en xullo de 2011 para iniciar un curso de mandarín, tras o cal se incorporarán ao máster, cunha duración de 18 meses. En total, a bolsa cubre un máximo de 20 meses seguidos de estancia na China.

Convoca: Fundación La Caixa e Casa Asia

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/convocatorias_es.html

Prazo de presentación: ata o 31 de agosto de 2010

Dúas bolsas para cursar un Post Graduate Programme in Management (PGP) na Indian School of Business (ISB), establecida en Hyderabad.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse á mencionada escola en abril de 2011 para empezar o PGP, que ten unha duración dun ano.

Convoca: Fundación La Caixa e Casa Asia

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/convocatorias_es.html

Prazo de presentación: ata o 31 de agosto de 2010

Bancaja e Adeit convocan 200 Bolsas para facer prácticas en empresas estranxeiras para persoas tituladas universitarias de calquera universidade española, sexa pública ou privada, calquera que sexa a súa área de estudos.

Requisitos:

Con carácter xeral, as persoas que o soliciten deberán ter finalizado os estudos universitarios nos últimos 2 anos.

Non ter experiencia previa, unha vez finalizados os seus estudos, no ámbito profesional da súa titulación.

Ter un nivel de idiomas adecuado para a realización das prácticas.

Non gozar doutra bolsa de prácticas no estranxeiro sendo titulado ou titulada. (Argo, Integrants, Leonardo da Vinci, ...)

Persoas con nacionalidade dun dos países participantes no Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP).

Persoas con outra nacionalidade que teñan residencia permanente nun dos países participantes no PAP ou que estean rexistradas como persoas apátridas ou que teñan status de refuxiado no país de envío.

Información práctica da bolsa:

Até 200 € de axuda para preparación lingüística (a xustificar)

Integración na Comunidade Virtual de Antigos Bolseiros Leonardo.

Realización dun curso en habilidades e competencias que lle axudarán a integrarse no mundo laboral. A actividade formativa realizarase a través de internet en forma tutorizada.

Ademais, a empresa de acollida poderá complementar a bolsa cunha bolsa de axuda.

Mais información : <http://www.adeit-uv.es/becasleonardo/>

Prazo de presentación: permanecerá aberto todo o ano.

Bolsas de investigación no estranxeiro

Convocatoria de 40 bolsas para realizar traballos de investigación en universidades ou centros de investigación no estranxeiro, en temas que estean comprendidos nalgunha das áreas de agricultura e gandaría, ciencias do mar, ciencias da saúde, conservación da natureza, tecnoloxía de alimentos.

Convoca: Fundación Alonso Martín Escudero

Requisitos: ter a nacionalidade española. Posuír o título de doutor/a de calquera universidade española ou de especialidade en medicina, bioloxía, farmacia, psicoloxía, química, ou radiofísica hospitalaria. Estar admitido/a nunha universidade ou centro de investigación no estranxeiro para o período solicitado

Máis información: Fundación Alonso Martín Escudero. Departamento de Fins Fundacionais
<http://www.fundame.org>

Prazo de presentación: ata as 14:00 h do 14 de maio de 2010

Bolsas para persoas licenciadas en economía, finanzas, matemáticas e enxeñería para estudar un máster en economía

Convoca: Barcelona Graduate School of Economics (GSE)

Núm. de vacantes: 20

Publicación: Barcelona Graduate School of Economics, 09/02/2010

Máis información:

<http://www.barcelonagse.eu/>

www.barcelonagse.eu/admissions.html

Prazo de presentación: antes do 30 de xuño de 2010

Bolsas "Rober Schuman" para o Parlamento Europeo

Duración: 2 ó 3 meses durante el curso académico

Convoca: Servizo Europeo da Fundación Universidade-Empresa

Requisitos: estudantes de terceiro ciclo , nacionalidade dalgún estado membro da UE

Mais información:

Servizo Europeo da Fundación Universidade-Empresa

<http://www.coruna.es/nex>

Prazo de presentación: pódense pedir en calquera momento do ano, preferentemente cun mínimo de 4 meses antes da data de comezo desexada .

Bolsas na empresa Pfizer (prácticas na empresa)

Convoca: Fundación Pfizer

Características xerais para as bolsas de todos os departamentos:

O programa ten unha duración de 1 ano a xornada completa ou media xornada, onde a persoa se desenvolverá nun ambiente no que se fomenta o traballo en equipo, a flexibilidade e a iniciativa.

Durante o período formativo a persoa gozará dos seguintes beneficios:

850 € netos mensuais de axuda ao estudo en xornada completa

22 días laborables de vacacións

Comedor subvencionado pola compañía

Acceso ao ximnasio

Servizo subvencionado de fisioterapia

Transporte de empresa

Acceso á tenda de empregados

Xornada con horario flexible (de luns a xoves de 7:30 a 10:00 e de 16:30 a 19:00 h e os venres de 7:30 a 10:00 e de 13:45 a 16:15 h)

Xornada intensiva de verán durante os meses de xullo e agosto

Servizo médico de empresa

Xestión de ferramentas de apoio en función da discapacidade da que se trate, facilitados pola Fundación Universia

Lugar de goce: Alcobendas (Madrid) Parque Empresarial La Moraleja

Máis información: <http://www.fundacionpfizer.org/>

fundacionpfizer@pfizer.com

Requisitos para a bolsa na área de vendas de Pfizer:

Titulacións solicitadas: licenciado/a en Ciencias da Saúde ou en Dirección e Administración de Empresas

Idiomas: inglés alto oral e escrito

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_ventas_pfizer.html

Prazo de presentación: ata ou 29 de xullo de 2010

Requisitos para a bolsa na área legal de Pfizer

Titulación solicitada: licenciado/a en Dereito

Idiomas: inglés alto oral e escrito

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_area_legal_pfizer.html

Prazo de presentación: ata o 29 de xullo de 2010

Requisitos para as bolsas na área de comunicación e relacións profesionais de Pfizer

Titulacións solicitadas: licenciatura en Ciencias da Saúde, Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas, Comunicación Audiovisual.

Idiomas: inglés nivel alto oral e escrito.

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_comunicacion_relaciones_profesionales_pfizer.html

Prazo de presentación: ata o 29 de xullo de 2010

Requisitos para as bolsas na área médica de Pfizer

Titulacións solicitadas: licenciado/a en Medicina ou en Ciencias da Saúde.

Idiomas: inglés alto oral e escrito

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_area_medica_pfizer.html

Prazo de presentación: ata o 29 de xullo de 2010

Bolsas na área de finanzas de Pfizer

Titulacións solicitadas: ADE ou Económicas

Idiomas: inglés alto oral e escrito

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_finanzas_pfizer.html

Prazo de presentación: ata o 29 de xullo de 2010

Requisitos para as bolsas na área de formación técnica de produto de Pfizer

Titulación solicitada: Ciencias da Saúde

Idiomas: inglés alto oral e escrito. Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_formacion_tecnica_producto_pfizer.html

Prazo de presentación: ata o 29 de xullo de 2010

Requisitos para bolsas en relacións institucionais e acceso ao paciente de Pfizer

Titulación solicitadas: licenciatura en Ciencias da Saúde

Idiomas: inglés nivel alto oral e escrito

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_relaciones_institucionales_acceso_paciente_pfizer.html

Prazo de solicitude: ata o 29 de xullo de 2010

Requisitos para as bolsas na área de recursos humanos de Pfizer

Titulacións solicitadas: licenciado/a en Psicoloxía, Socioloxía, Ciencias do Traballo, Dereito ou Administración e Dirección de Empresas

Idiomas: inglés alto oral e escrito

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer. Excel e PowerPoint alto

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_recursos_humanos_pfizer.html

Prazo de solicitude: ata o 29 de xullo de 2010

Requisitos para as bolsas na área de planificación e desenvolvemento de Pfizer

Titulacións solicitadas: licenciatura en Socioloxía, Estatística ou diplomatura de grao medio noutra área. LADE ou Económicas ou Ciencias da Saúde

Idiomas: nivel bilingüe de inglés

Informática: Microsoft Office e Internet Explorer avanzado

Máis información:

http://www.pfizer.es/empleo/programa_becas/becas_planificacion_desarrollo_pfizer.html

Prazo de solicitude: ata o 29 de xullo de 2010

Bolsas áreas centrais

Período de prácticas de 6 meses a un ano de duración en Madrid, mediante a integración nun grupo dinámico, onde se potencia o desenvolvemento persoal e profesional. Participación nas funcións e proxectos propios do departamento no que se realicen as prácticas.

Requisitos:

Estudantes de último curso ou recentemente licenciados/as en Administración e Dirección de Empresas, Economía, CC. Actuariais e Financeiras, Estatística, Dereito, enxeñarías superiores, Matemáticas e Físicas...

Estudantes de posgrao (máster, MBA, doutoramento).

Valoraranse nivel alto inglés e coñecementos avanzados do paquete do Office.

Convoca: BBVA

Consulta as bases en:

http://empleo.grupobbva.com/candidato/ofertas/oferta/oferta.asp?id_oferta=419&tpro=3

Prazo de presentación: aberto

Bolsas de comedor para a Universidade de Santiago de Compostela

Consulta as bases en: informa: www.usc.es

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>


Prazo de presentación: dende o 2 de novembro de 2009 ata o 30 de setembro de 2010

Convocatoria de 20 bolsas para cursar, durante o ano 2010-2011, e en réxime de ensino a distancia, os estudos conducentes á obtención do diploma de proxectista instalador de enerxía solar

Convoca: Censolar - Centro de Estudos da Enerxía Solar

Requisitos: residir na Unión Europea e posuír uns coñecementos técnicos previos de grao medio; valoraranse outros niveis.

Máis información: <http://www.censolar.edu>



Bolsas convocadas por organismos de carácter internacional

Bolsas de estudo e investigación en Alemaña

O DAAD, Servizo Alemán de Intercambio Académico e outras institucións, ofrece varios programas de bolsas para estudar e investigar en universidades e centros de educación superior en Alemaña.

Hai distintas bolsas que se convocan todos os anos. Buscando no enlace a páxina pódense ver os distintos tipos de bolsas, cando se convocan e se está a convocatoria aberta ou pechada.

Convoca: DAAD - Embaixada da República Federal de Alemaña

Bolsas para Alemaña publicadas pola Embaixada da República Federal de Alemaña en Madrid:

DAAD - A Caixa: Bolsas anuais de posgrao e de investigación

DAAD - Bolsas para cursos de verán nunha universidade alemá (de 3 a 4 semanas)

DAAD - Bolsas para cursos intensivos de alemán en Alemaña (2 meses)

DAAD - Bolsas de investigación de curta duración (de 1 a 6 meses)

DAAD - Estancias de investigación en Alemaña para PDI con título de doutor (1 a 3 meses)

DAAD - Novo convite de antigos bolseiros (1 a 3 meses)

DAAD - Bolsas para profesores/as visitantes en Alemaña (de 3 a 48 meses)

DAAD - Viaxes de estudos a Alemaña de grupos de estudantes (de 7 a 12 días)

DAAD - Programa berlinés para artistas

DAAD en colaboración con empresas alemás (biotecnoloxía)

DAAD en colaboración co DLR (German Aerospace Center)

Fundación Alexander von Humboldt - Bolsas anuais de investigación

Fundación Alexander von Humboldt - Premio Sofja Kovalevskaja

Fundación Alexander von Humboldt - Programa de bolsas Hezekiah Wardwell

Accións integradas hispano-alemás (intercambio a través de proxectos específicos)

Máis información:

Botschaft der Bundesrepublik Deutschland

Embaixada da República Federal de Alemaña

Rúa Fortuny, 8, 28010 Madrid

Páxina web: www.daad.es

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Bolsas do Instituto Confucio para o ano 2010

Co apoio da sede xeral do Instituto Confucio e a Oficina Nacional do Ensino de Chinés, a oficina de asuntos educativos segue aceptando as solicitudes das bolsas do Instituto Confucio. A sede xeral do Instituto Confucio convoca as bolsas do Instituto Confucio para o ano 2010 co motivo de promover o estudo do idioma chinés na China e a investigación da cultura chinesa. A Embaixada da República Popular da China en España é responsable da xestión do devandito programa en España para o ano 2010.

Convoca: Embaixada da República Popular da China

Características: as bolsas cobren gastos de estudo (matrícula incluída), materiais didácticos, aloxamento e consulta médica.

Máis información: www.universia.es

Bolsas de investigación "Alexander von Humboldt" en Alemaña

Duración: 2 ó 3 meses durante o curso académico

Convoca : Embaixada de Alemaña

Requisitos: mozos e mozas científicas altamente cualificadas que se doutorasen , menores de 40 anos , cidadáns de calquera estado membro da Unión Europea

Mais información: www.coruna.es nex coruña Novo Espacio Xuvenil

Prazo de presentación: aberto durante todo o ano

Bolsa para participar no instituto de verán Benjamin Franklin 2010

A Embaixada dos Estados Unidos en España nomeará un/unha estudante para participar no Instituto de Verán Benjamin Franklin 2010, programa financiado polo Departamento de Estado dos Estados Unidos para promover as relacións entre as novas xeracións de persoas europeas, asiáticas e norteamericanas.

O/A estudante seleccionado/a participará nun programa intensivo de intercambio enfocado nos asuntos globais aos que se enfrontan os mozos e mozas a ambos lados do Atlántico. Desenvolverase nunha localidade norteamericana , aínda por determinar, durante case catro semanas dende finais de xuño de 2010 e reunirá aproximadamente a 35 estudantes de distintos países de Europa e Asia Central con 10 estudantes norteamericanos/as.

O Instituto desenvolverá unha gran variedade de actividades, tales como seminarios, programas de apoio comunitario, viaxes de estudo e eventos culturais. As persoas seleccionadas traballarán nun proxecto conxunto que promova os fins e obxectivos descritos arriba e explorarán como a mocidade de hoxe interactúa cos medios de comunicación, tanto na súa faceta de consumidoras como de produtoras de información. Explorarán tamén como a liberdade de expresión lle impón á cidadanía tantoa dereitos coma responsabilidades.

Dotación: todos os gastos (viaxe, aloxamento, manutención, seguro médico e de accidentes) correrán por conta do Departamento de Estado dos Estados Unidos de América.

Máis información:

Embaixada dos Estados Unidos de América, Sección Cultural Serrano, 75, 28006 Madrid. Tel: 91 587 2506

www.embusa.es - www.estamosunidos.es

IDEA SCHOLARSHIPS - Programa de Bolsas Académicas

IDEA SCHOLARSHIPS é unha organización internacional que está especializada en recrutar estudantes internacionais que desexen estudar nos Estados Unidos.

O Programa de Bolsas Académicas está enfocado a estudantes tradicionais. Estes reciben unha bolsa de acordo co seu perfil como estudante. As notas non son o único factor que será considerado, tamén se consideran as actividades deportivas, extracurriculares, culturais e o perfil psicolóxico do/a estudante.

O custo para ingresar neste programa é de 2200 euros. Os servizos inclúen a creación dun "Persoal Profile" e o seu ingreso a máis de 100 universidades nos Estados Unidos, procura de diferentes ofertas de bolsas de acordo co perfil do/a estudante.

O programa ten unha política de risco cero, e se non se obtén un mínimo de 6 bolsas superiores ao 50% do custo total da universidade, reintegrarase a totalidade do aboado.

Para os/as participantes que o requiran IDEA SCHOLARSHIPS brinda de forma gratuíta bolsas para cursar o ESL (English as a Second Language) en universidades norteamericanas, previo ao comezo dos seus estudos universitarios, co fin de mellorar o seu nivel de inglés.

Características do programa: inclúe hospedaxe durante os estudos (dormitorios universitarios) e unha pensión alimenticia (cafetería universitaria) así como a parte correspondente de colexiatura. Ten unha duración de toda a carreira universitaria.

Requisitos:

- 1 Ser maior de 16 anos.
- 2 Estar nos últimos dous anos do bacharelato ou telo completado, estar a cursar unha carreira universitaria.
- 3 O dominio do idioma inglés non inflúe no outorgamento das bolsas, nin é excluínte.

Máis información: <http://www.ideascholarships.com/>

Prazo de presentación: ata o 30 de novembro de 2010

Axudas convocadas por organismos de carácter estatal

Resolución da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan axudas para a participación no Programa de Cooperación Territorial Rutas Científicas durante o curso 2010/11

O programa Rutas Científicas é un recurso educativo, dirixido aos alumnos e alumnas que cursan materias científicas en bacharelato e en ciclos formativos de grao medio, que pretende complementar os coñecementos científicos que se adquiren na aula co descubrimento da súa aplicación e a súa utilidade na vida diaria. Trátase de que os alumnos e alumnas comproben *in situ* para que serven os coñecementos de matemáticas, física, química, bioloxía ou de ciencias naturais que están a aprender. Para iso, os centros interesados deberán traballar cos alumnos e alumnas os contidos ou ítems sobre os que versen as rutas científicas nas que poidan participar de acordo coa distribución que se recolle no anexo III da convocatoria.

Posteriormente o grupo de alumnos e alumnas visitará os centros de investigación, laboratorios, empresas, parques etc. programados na ruta científica onde se investigan, desenvolven e aplican estes coñecementos. Estas visitas, as explicacións recibidas antes e durante o percorrido e o encontro cos profesionais, técnicos e científicos que desenvolven as súas tarefas nestes campos, brindarlle ao alumnado a oportunidade de coñecer sobre o terreo a importancia do traballo científico e tecnolóxico para o desenvolvemento. Ao mesmo tempo, ofreceráselles unha mostra de posible proxección profesional, ademais de coñecer as riquezas naturais, económicas e sociais da comunidade visitada.

Persoas destinatarias:

Grupo de alumnos e alumnas de bacharelato e ciclos formativos de grao medio de centros públicos educativos españois.

Máis información:

<http://www.educacion.es:80/horizontales/servicios/becas-ayudas-subservenciones/centros-docentes-entidades/no-universitarios/becas-rutas-cientificas.html>

Prazo de presentación: o prazo de presentación de solicitudes que se formalizarán no modelo que figura como anexo V, finalizará o día 17 de maio de 2010.

O Ministerio de Xustiza, a través do Centro de Estudos Xurídicos, desenvolveu nos últimos anos unha política de axudas económicas destinadas a fomentar a preparación dos e das aspirantes a ingresar nestas carreiras e corpos, que posúan un bo expediente universitario e carezan de recursos para a preparación das probas selectivas.

A orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a convocatoria de bolsas para contribuír nos gastos ocasionados aos opositores e opositoras pola preparación de procesos selectivos para o ingreso na carreira xudicial ou fiscal ou nos corpos de secretarios xudiciais, avogados do Estado, médicos forenses ou facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses. Unicamente os procesos selectivos de ámbito estatal do Corpo de Médicos Forenses quedarán comprendidos no obxecto destas bolsas. Estas subvencións, destinadas a opositores que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e na correspondente convocatoria, consistirán en bolsas que implican un pagamento único e directo dunha cantidade fixa e determinada aos beneficiarios e beneficiarias que xustifiquen o cumprimento dos fins daquelas. Reservarase unha porcentaxe do 5% destas bolsas para persoas con discapacidade. En caso de ser declaradas desertas acumularanse ás restantes. Os gastos subvencionables serán os ocasionados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, ambos inclusive, do exercicio ao que se refire cada convocatoria anual de bolsas

Convoca: Centro de Estudos Xurídicos

Dotación e características das bolsas: a contía de cada bolsa e o número total das ofertadas determinarase en cada convocatoria, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. As bolsas solicitaranse en cada convocatoria, a cal terá periodicidade anual. Non caberá renovación automática da concesión de bolsas. Poderase ser beneficiario ou beneficiaria de calquera destas bolsas un máximo de tres convocatorias consecutivas. Cando no exercicio anual ao que se refira unha convocatoria de bolsas do CEJ non se convocou o proceso selectivo para o que se solicita a bolsa, ese exercicio anual non computará para o límite máximo de tres convocatorias consecutivas que se establece no apartado anterior.

Requisitos dos beneficiarios e beneficiarias: poderán ser beneficiarios e beneficiarias das bolsas reguladas nesta orde aquelas persoas que, á finalización do prazo de presentación de solicitudes, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Reunir os requisitos esixidos na última convocatoria de acceso á carreira ou corpo correspondente segundo a bolsa que se solicite.
- b) Non incorrer nas prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e cumprir os requisitos establecidos no artigo 14 da devandita lei.
- c) Non estar a gozar de axudas ou subvencións para o mesmo obxecto de entes públicos nin privados.
- d) Contar coa dirección dun centro especializado ou un preparador para orientar o proceso de preparación. Para estes efectos, considerarase centro especializado aquel que sexa recoñecido como tal polo Centro de Estudos Xurídicos, e preparador a persoa cuxa idoneidade sexa recoñecida polo devandito centro.
- e) Acreditar un máximo de renda do solicitante ou, no seu caso, dos familiares dos que dependa economicamente, en concepto de base imponible xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio fiscal anterior, de acordo coa contía que estableza cada convocatoria. No caso de que o/a solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, deberá acreditar esta circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio; entenderase por este aquel en que resida mentres prepara a oposición.
- f) Certificado de empadramento para os efectos de acreditación de membros da unidade familiar e para a súa valoración na comprobación dos requisitos máximos de renda por solicitante.
- g) Acreditar o expediente académico da licenciatura ou grao esixido en cada convocatoria de oposicións, segundo a carreira ou corpo para cuxa preparación se solicite a bolsa, para a súa valoración na comprobación dos requisitos mínimos de puntuación académica.
- h) Declarar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente.

Lugar de presentación de solicitudes: rexistros oficiais, como o Rexistro Xeral do Centro de Estudos Xurídicos (rúa Juan de la Rosa, núm. 2, 28040 Madrid) ou calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, de acordo co previsto neste artigo 38.4, poderán presentarse tamén a través das oficinas de Correos (Sociedade Estatal, S.A.) mediante correo administrativo (regulado no artigo 31 do regulamento polo que se regula a prestación de servizos postais Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro que desenvolve a Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal).

Publicación: BOE do 15 de abril de 2010

Axudas da Acción Estratéxica de Saúde

Resolución do 22 de febreiro de 2010 pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2010, de concesión de axudas da Acción Estratéxica de Saúde, no marco do Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2008-2011

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación. Secretaría de Estado de Investigación. Instituto de Saúde Carlos III

Consulta as base en: BOE do 08 de marzo de 2010

Máis información: <http://www.isciii.es>

Amplitude do prazo para axudas destinadas a fomentar a realización de actividades por parte das confederacións, federacións e asociacións de alumnos e alumnas para o curso 2009 – 2010.

Resolución do 18 de marzo de 2010, pola que se modifica a do 18 de decembro de 2009, pola que se convocan axudas destinadas a fomentar a realización de actividades por parte de confederacións, federacións e asociacións de alumnos e alumnas para o curso 2009-2010

Convoca: Ministerio de Educación. Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional

Publicación: BOE do 30 de marzo de 2010

Máis información: <http://www.educacion.es>

Prazo de solicitude: ata o 31 de maio de 2010

Programa CONSOLIDER-Enxeño 2010

Resolución do 22 de febreiro de 2010 pola que se convocan axudas no marco do programa CONSOLIDER-Enxeño 2010, do Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2008-2011.

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación - Secretaría de Estado de Investigación

Resolución do 14 de xaneiro de 2010, do Instituto da Xuventude, pola que se convoca a concesión de axudas para a realización de actividades financiadas pola Comisión Europea no marco do programa de acción comunitario «A Xuventude en acción».

Convoca: Ministerio de Igualdade

Publicación: BOE do 15 de xaneiro de 2010

Prazo de presentación: Aberto

Requisitos: centros públicos de I+D+i. Centros privados de investigación e desenvolvemento universitarios. Outros centros privados de investigación e desenvolvemento sen ánimo de lucro. Centros tecnolóxicos e centros de innovación e tecnoloxía que soliciten a inscrición provisional como centros tecnolóxicos de ámbito estatal.

Publicado: BOE do 27 de febreiro de 2010

Máis información: Ministerio de Ciencia e Innovación
<http://www.micinn.es>

Axudas da Acción Estratéxica de Saúde, no marco do Plan Nacional I+D+i

A Secretaria de estado de Investigación e o Instituto de Saúde Carlos III convoca axudas. O obxecto destas axudas, é a formación de investigadores ou investigadoras en biomedicina e ciencias da saúde, mediante a realización dunha tese doutoral en centros de I+D+i .

Beneficiarios: titulados e tituladas superiores e estudantes.

Prazo de presentación: o prazo de presentación das solicitudes e da restante documentación necesaria en cada caso será a seguinte:

a) Subprogramas de Formación e Mobilidade:

Modalidade contratos de formación en investigación «Río Hortega» para profesionais sanitarios que finalizasen o período de formación sanitaria especializada: do 1 ao 30 de xuño.

b) Subprograma de contratación e incorporación:

Modalidade de contratos de investigadores ou investigadoras no Sistema Nacional de Saúde «Miguel Servet»: do 1 ao 30 de xuño.

Modalidade de contratos de técnicos ou técnicas de apoio á investigación no Sistema Nacional de Saúde: do 1 ao 30 de xuño.

d) Subprograma de Infraestruturas científico-tecnolóxicas para centros do Sistema Nacional de Saúde: do 11 de maio ao 10 de xuño.

Publicación: BOE do 8 de marzo de 2010.

Máis información:

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Real decreto 1493/2007, polo que se aproban as normas reguladoras da concesión directa de axudas destinadas a atender as situacións de extraordinaria necesidade dos españois retornados.

Convoca: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

Publicación: BOE do 26 de novembro de 2007

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_becas_y_subvenciones/common/becas.pdf

Prazo de presentación: aberto

Resolución do 30 de decembro de 2009, da Secretaría de Estado de Investigación, pola que se aproba a convocatoria para o ano 2010 do procedemento de concesión de axudas para a realización de proxectos de investigación e accións complementarias dentro do Programa Nacional de Proxectos de Investigación Fundamental, no marco do VI Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2008-2011.

Publicación: BOE do 31 de decembro de 2009

Consultar as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_becas_y_subvenciones/common/becas.pdf

Prazo de presentación: ata o 31 de outubro de 2010

Préstamos - Renda Universidade 2009 para o curso académico 2009-2010

A finalidade xeral dos préstamos é facilitar o financiamento dos ensinos universitarios de máster oficial e/ou de doutoramento que se impartan en España ou as equivalentes nos países do Espazo Europeo de Educación Superior, Estados Unidos de América e Canadá, mediante unha axuda inicial así como, de ser o caso, facilitarlle unha renda mensual ao estudantado que o desexe.

Consulta as bases en:

<http://www.educacion.es/educacion/universidades/convocatorias/titulados-doctores-profesores/prestamos-renda-universidad/periodo-2009.html>

Teléfono de atención: 902 21 85 00

Prazo de presentación: ata o 30 de maio de 2010

Microcréditos para emprendedoras

En virtude deste convenio, as caixas de aforros poderán ofrecer financiamento, sen necesidade de avais persoais, para a posta en marcha, promoción, consolidación, crecemento e mellora, de proxectos empresariais.

Características dos microcréditos

A porcentaxe máxima do financiamento será do 95% do custo total do proxecto; cada préstamo terá unha contía máxima de ata 25.000 euros. O prazo de amortización será de cinco anos cun período de carencia opcional de seis meses, e o tipo fixo de xuro máximo será do 6%. Con este límite absoluto, que en ningún caso pode excederse, establécese un tipo variable do 1,5% sobre o índice de referencia Euribor. O crédito non terá comisión de apertura, de estudo nin de amortización parcial ou total.

Convoca: Ministerio de Igualdade, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Confederación Española de Caixas de Aforros

Solicitudes: o prazo máximo para contestar á solicitude de microcrédito será dun mes e non serán causas de exclusión automática ter unha hipoteca anterior, ser titular doutro préstamo persoal sempre que non se destinase ao mesmo negocio, ter cargas familiares ou carecer de experiencia empresarial. Ademais, prevese por primeira vez a posibilidade de refinarciar determinados proxectos, aínda que sempre en casos específicos, que teñan garantida a súa viabilidade desde o punto de vista empresarial.

Requisitos

Para beneficiarse dos microcréditos, as solicitantes deberán cumprir unha serie de requisitos:

Que inicien a súa actividade ou fose iniciada nun período inferior a tres anos. O devandito período poderá estenderse dous anos máis a condición de que o obxecto do financiamento vaia dirixido á consolidación e mellora da competitividade da empresa e non se trate dun mero refinanciamento de negocios inviables.

Que presenten o plan de empresa precualificado favorablemente pola Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa (DGPEME), e o certificado de validación emitido polas asociacións de mulleres e ONG de acción social, coas que o Ministerio de Igualdade subscribiu os correspondentes acordos de colaboración.

Lei 35/2007 pola que se establece a dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción.

Convoca: Xefatura do Estado

Publicación: BOE do 16 de novembro de 2007

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_becas_y_subvenciones/common/becas.pdf

Prazo de presentación: aberto

Axudas convocadas por organismos de carácter autonómico (Galicia)

Axudas á conciliación da vida familiar e laboral

Convoca: Xunta de Galicia

Publicación: DOG do 30/04/2010

Prazo de presentación: ata o 31 de agosto de 2010

Resolución do 15 de abril de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica aos proxectos de consultoría externa dirixidos á análise economicofinanceira das pequenas e medianas empresas, e procédese á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Publicación: DOG do 23 de abril de 2010

Prazo de presentación: ata o 30 de xullo de 2010

IV convocatoria proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación ao desenvolvemento 2010

Convoca: Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña

Os Proxectos de Coñecemento da Realidade é unha iniciativa na que o alumnado da Universidade da Coruña ten a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estancia de cooperación de 1 a 3 meses, e que o traballo que desenvolva alí sexa validado con proxectos fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira.

A Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña abre a convocatoria a todo o estudiantado desta universidade e ás persoas que estean interesadas en participar en programas de accións de coñecemento da realidade. Mediante este programa procúrase un proceso de reflexión desde unha vertente práctica, para implicar as persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur e no traballo que se leva a cabo desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

Características dos PCR ofertados: a Oficina de Cooperación e Voluntariado poderá financiar varios PCR en función das solicitudes recibidas, e poderá optar todo aquel estudiantado da Universidade da Coruña que presente un proxecto de coñecemento da realidade para levar a cabo un traballo de investigación e/ou acción-participación, que conte co respaldo dunha ONGD que estea a desenvolver un proxecto de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña a súa correspondente contraparte local.

Requisitos:

1. Ser estudante da Universidade da Coruña.
2. Posuír formación no eido da cooperación ao desenvolvemento (mestrado, cursos, charlas, xornadas etc.)
3. Ter capacidade para convivir e traballar en equipo, e estar en condicións para facelo en ambientes culturais e económicos diferentes. A persoa seleccionada realizará unha entrevista persoal na que se valorarán estas cuestións.
4. Posuír experiencia en campos de traballo, actividades de voluntariado, movementos sociais ou asociativos.
5. Ter formación específica cando sexa requirida (idiomas etc.)

Máis información: <http://www.extension.udc.es/cooperacion>

Prazo de solicitude: ata o 14 de maio de 2010

Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios nas universidades de Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos

Convoca: Consellería de Educación da Xunta de Galicia

Requisitos:

- a) Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida ou imprevista (orfanidade absoluta, falecemento pai/nai/titor legal, desemprego sustentador principal, enfermidade grave, violencia de xénero cara a el/ela ou cara ao seu proxenitor/a, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína ou quebra familiar e outras circunstancias non previstas que, sendo xustificadas, repercutan na situación socioeconómica familiar).
- b) Que a situación sobrevida ou imprevista acontecese durante o ano 2010.
- c) Estar matriculado/a, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico en calquera das universidades do sistema universitario de Galicia.
- d) Ter fixada a súa residencia familiar en Galicia cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación desta convocatoria.
3. Os Premios Nacionais de Investigación convocados nesta resolución están exentos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, pola Resolución do 21 de marzo de 2002, do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria (BOE do 16/04/2002).

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Publicación: Boletín Oficial do Estado, 11/03/2010

Máis información: <http://www.micinn.es>

Prazo de presentación: ata o 20 de maio de 2010

Premios nacionais de bacharelato

Resolución do 22 de febreiro de 2010 pola que se convocan os premios nacionais de bacharelato correspondentes ao curso 2008-2009. As probas constarán de dous exercicios:

Primeiro: a) lingua castelá e literatura: análise de texto e comentario crítico; b) historia: análise e comentario dun texto relativo á historia de España.

Segundo: resposta a cuestións e/ou resolución de exercicios sobre os contidos da materia de modalidade elixida polo alumno/a ao realizar a inscrición.

Convoca: Ministerio de Educación. Secretaría de Educación e Formación Profesional

Dotación: 1200 € cada premio

Publicado: BOE do 26/02/2010

Máis información: Ministerio de Educación
<http://www.educacion.es>

Prazo de presentación: ata o 9 de xuño de 2010

Resolución do 14 de decembro de 2009, do Consello Económico e Social, pola que se convocan Premios de Investigación do Consello Económico e Social, convocatoria ano 2009.

Publicación: BOE do 22 de decembro de 2009

Consulta as bases en:
http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_becas_y_subvenciones/common/becas.pdf

Prazo de presentación: ata o 30 de setembro de 2011

Premios e concursos convocados por organismos de carácter autonómico

XXI certame literario Camilo José Cela

O Excmo. Concello de Padrón convoca o XXI Premio Literario Camilo José Cela.

Dotación: establécese un premio de 1.500 € e unha estatuiña do escritor Camilo José Cela.

Os relatos terán unha extensión 12 a 25 folios, escritos a máquina e a dobre espazo. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou castelán.

Prazo de presentación: ata o 15 de xullo de 2010

Presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Padrón, sito en Rúa Longa, nº 27, 15900, Padrón (A Coruña), por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Xuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del, unha cuartilla co nome, os apelidos e o teléfono do autor ou autora, cunha declaración de que o relato se axusta ás normas establecidas na base.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Certame de Curtametraxes "Curtas Para Rosalía"

O Certame de curtametraxes "Curtas para Rosalía" é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (www.as-pg.com).

O motivo central destas curtas é a figura de Rosalía de Castro. Polo tanto aquelas persoas que queiran presentar obras a este certame deberán ter en conta que a temática xeral será a persoa de Rosalía de Castro, as súas obras ou algún elemento que destaque a súa vida, traballo ou calquera outro punto de interese da escritora como tal ou do seu contorno.

Requisitos:

1. Poderán optar aos premios os traballos rodados en calquera sistema de gravación (cine, vídeo, outros)
2. As obras presentadas terán que ser enviadas en soporte vídeo dixital (DVD) **antes das 14 horas do 16 de xuño de 2010** ao enderezo postal que figura no apartado 4 das bases, acompañadas da documentación que neste mesmo apartado 4 se solicita.
3. A duración non excederá en ningún caso os 20 minutos, créditos incluídos.
4. O idioma das obras presentadas será o galego. A incorporación dos textos de Rosalía poderase facer no idioma en que foron redixidos.
5. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.

Dotación: a organización do certame Curtas para Rosalía establece dous premios:

- 1.- Un premio de 2000€ á mellor curtametraxe + diploma.
2. Un premio de 1000 € + diploma, ás obras cuxos realizadores/as ou directores/as sexan menores de 30 anos a día 16 de xuño de 2010.

Máis información:

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Premios da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

A Axencia Galega das Industrias Culturais convoca os seguintes premios:

XIX Álvaro Cunqueiro para textos teatrais
V Manuel María de literatura dramática infantil
VIII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques

Existirá unha única persoa galardoada por premio (e modalidade, no caso do premio Barriga Verde), coa seguinte dotación económica:

- Álvaro Cunqueiro: 6.000 €.
- Manuel María: 6.000 €.
- Barriga Verde (modalidade infantil): 6.000 €.
- Barriga Verde (modalidade para adultos): 6.000 €.

Poderán optar aos premios as persoas físicas que presenten textos teatrais inéditos escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados anteriormente noutros concursos ou convocatorias.

Os textos serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo para cada un dos premios, e quedarán excluídas as obras de teatro breve.

Máis información: no DOG do 12 de marzo de 2010 www.agadic.info
<http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Prazo de presentación: ata o 11 de xuño de 2010

V edición do premio internacional de arte gráfica Jesús Núñez

A Deputación da Coruña convoca a V edición do premio internacional de arte gráfica "Jesús Núñez", creado co obxectivo de apoiar a creación artística no campo das artes gráficas e como recoñecemento á dilatada traxectoria do artista, fundador do Centro Internacional da Estampa Contemporánea de Betanzos.

Cada artista poderá presentar unha soa obra, sen enmarcar e identificada no dorso, en calquera das disciplinas das técnicas gráficas: gravado calcográfico, litografía, serigrafía, xilografía e as súas derivacións. As medidas do papel non excederá de 76 x 112 cm e o tamaño da mancha impresa será, como mínimo, de 28 x 28 cm.

PREMIO: outorgarase un primeiro premio, dotado con 6500 €, e unha exposición na Fundación CIEC e dous accésits, consistentes cada un deles nunha bolsa de matrícula para o Mestrado de Obra Gráfica da Fundación CIEC. As obras deberán enviarse á Fundación CEIC, rúa do Castro, núm. 2, 15300 Betanzos; deberá indicarse no sobre o nome do galardón.

PRAZO: entre o 3 e o 30 de xuño de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Premio Mans Futuro

Premio Mans Futuro - I Certame Pop Rock Xpressionk!!

Para apoiar os grupos emerxentes en Galicia. Gañará o grupo máis valorado e os seleccionados participarán no circuío Xpressionk!!

Máis información:

Tel.: 695 927 043 (Manuel González)

Dotación: gravación dun disco

mgc@xpressionk.net

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Festival Internacional Curtametraxes Bueu 2010

O Concello de Bueu (Pontevedra) convoca o Festival Internacional Curtametraxes Bueu 2010.

A participación está aberta a todas as obras realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2007, e poderán concorrer creadores/as de calquera nacionalidade.

Poderán presentarse obras de calquera xénero, excepto o documental debido á imposibilidade de facer unha valoración competitiva coa ficción.

As obras terán unha duración máxima de 30 minutos. Aquelas no que o idioma non sexa o galego ou o castelán deberán estar subtituladas nalgún deles.

A película poderá ter calquera formato; a única esixencia é posuír unha copia en DVD para a súa proxección.

Cada participante poderá presentar tantas obras como desexe.

Non serán admitidas as curtametraxes que se presentaron en edicións anteriores.

Dotación: na terceira edición do FIC establécense os seguintes premios: un primeiro premio de 2000 € e trofeo, un segundo premio de 1000 € e trofeo e un premio do público de 500 € e trofeo.

Mellor curtametraxe galega 500 € e trofeo entre outros. Os demais premios non terán dotación económica pero si diploma acreditativo.

Máis información: 669 830 773 ou info@ficbueu.com
<http://www.xuventude.net/web/xuventude/rix/boletinsemanal>

Prazo de presentación: ata o 15 de xuño de 2010

A Deputación da Coruña convoca o IX Premio de creación fotográfica "Luis Ksado".

Poderán participar no concurso todas as persoas maiores de idade, que estean interesadas no campo da fotografía e que non fosen premiadas nas tres edicións anteriores do premio. As obras coas que concorran non poden ser gañadoras de ningún premio en ningún outro concurso. As fotografías deberán enviarse á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, avda. Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña; no sobre indicárase IX Premio de creación fotográfica "Luis Ksado"

Dotación: establécese un premio único e indivisible, dotado coa cantidade de 6500 €.

Máis información: BOP da Coruña do 22 de febreiro de 2010 e na sección de Cultura da Deputación <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Prazo de presentación: ata o día 30 de agosto de 2010

VI Premio de banda deseñada "Castelao"

A Deputación da Coruña convoca o VI Premio de banda deseñada "Castelao".

Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, de calquera nacionalidade, que non fosen premiadas nas cinco edicións anteriores, e que presenten narracións en banda deseñada escritas en lingua galega, inéditas e non premiadas en ningún outro premio ou certame.

As obras presentadas poderán ser escritas e debuxadas, cada unha delas, por un máximo de dous autores (unha persoa como guionista e outra como debuxante).

A temática das obras será libre, e poderá tratarse dunha historia única ou dun conxunto de historias.

Dotación: establécese un premio único dotado con 6500 €.

Máis información: BOP da Coruña do 22 de febreiro de 2010 e na sección de Cultura da Deputación da Coruña, www.dicoruna.es <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Prazo de presentación: ata o día 31 de maio de 2010

A Deputación da Coruña convoca o VIII Certame de artesanía "Antonio Fraguas Fraguas".

Poderán participar todos os artesáns e artesás que traballen no campo da artesanía galega tradicional ou contemporánea, tanto a título particular coma en agrupacións de autores/as, colectivos, asociacións, etcétera, e que non fosen premiados nas tres edicións anteriores a esta. Na modalidade de artesanía tradicional poderán ser presentadas candidaturas ao premio por parte doutras persoas, colectivos ou entidades, que non sexan os autores ou autoras das pezas.

O certame consta das modalidades de artesanía tradicional e de artesanía contemporánea, e ten por obxecto, por unha banda, a concesión dun premio de 4500 € para cada modalidade, e por outra, a adquisición da obra por un importe máximo de 19.000 €.

A temática e a técnica empregadas serán libres.

Máis información: BOP da Coruña do 22 de febreiro de 2010 na sección de Cultura da Deputación: www.dicoruna.es

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Prazo de presentación: ata o día 31 de maio de 2010

A Deputación Provincial da Coruña convoca o XXII Premio de narrativa "Torrente Ballester".

Poderán optar ao premio todas aquelas persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que non obtivese o premio nas cinco edicións anteriores a esta, e que presente obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en castelán ou en galego. Outorgarase un premio único e indivisible dotado con 25.000 €

A deputación publicará a obra premiada, directamente ou a través doutra editorial, e reservará durante dezoito meses os dereitos de edición desta. As obras serán de tema e extensión libres, e poderán presentarse novelas, relatos e conxuntos de relatos, que se enviarán por duplicado, e en exemplares separados, en tamaño DIN A 4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

Máis información: BOP da Coruña do 22 de febreiro de 2010 e na sección de Cultura da Deputación da Coruña: www.dicoruna.es

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Prazo de presentación: ata o 1 de xullo de 2010

Premios e concursos convocados por organismos doutras comunidades autónomas

Orde do 26 de febreiro de 2010 pola que se establecen as bases da VIII convocatoria de premios a traballos sobre prevención de riscos laborais.

Convoca: Consellería de Igualdade e Emprego da Comunidade Autónoma de Extremadura

Publicación: DOE do 25 de marzo de 2010

Máis información: boletín bolsas 060

<http://www.060.es/te ayudamos a/ayudas becas y subvenciones/common/becas.pdf>

Prazo de presentación: ata o 30 de setembro de 2010

15º Certame Nacional xoven de narración "El Cuentacuentos"

O Colexio Arturo Soria de Madrid, convoca este certame de contacontos escritos en castelá e temario completamente libre.

Os contos deben ter unha extensión máxima de 8 páxinas en DIN A4.

Os premios son de 600, 400, 300 e 200 €.

Poden participar mozas e mozos do territorio español, cunha idade inferior a 18 anos.

Máis información:

www.colegioarturosoria.org

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

Festival de curtametraxes de Jerez

Contido: o tema da obra será libre. A obra debeu ser realizada con posterioridade a xaneiro de 2009, será un orixinal en castelán (ou na súa falta subtitulada ao castelán). O formato utilizado para a súa exhibición será en DVD. A duración da curtametraxe, incluídos os créditos, non superará os 20 minutos. As obras non poderán ter contidos racistas, xenófobos, violentos nin pornográficos.

Convoca: Concello de Jerez de la Frontera, Cádiz

Requisitos: mozas e mozos creadores con idades comprendidas entre 14 e 30 anos de todo o territorio nacional

Máis información: <http://www.jerez.es/juventud>

Prazo de solicitude: ata o 9 de xullo de 2010

Premios e concursos convocados por organismos de carácter privado

XV Edición Premios Fundación Aena - Premio de Fotografía

Dirixido a premiar traballos de técnicas fotográficas (dixital ou analóxica) de autores e autoras residentes en España ou que durante o ano 2009 expuxesen neste país.

Convoca: Fundación Aena

Dotación:

- 1.º Premio de 12.000 €
- 2.º Premio de 7000 €
- 3.º Premio de 4000 €

Máis información: <http://www.aena.es/> - fundacionaena@aena.es

Prazo de presentación: ata o 14 de maio de 2010

V Premio Internacional de Seguros Julio Castelo Matrán (2009-2010)

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, incluír un apartado de conclusións e poderán versar sobre algunha das facetas xurídicas, económicas ou técnicas do seguro e do risco en calquera das súas ramas ou modalidades.

O ámbito da convocatoria esténdese a España, Portugal e os países de Iberoamérica.

Os traballos que se presenten a esta quinta convocatoria deberán ser realizados polo candidato ou candidata con posterioridade a xuño de 2008. Cando se trate de teses doutorais deberán pasar o trámite da súa colación e aprobación con posterioridade a xuño de 2008 e, no seu caso, o título de doutor/a deberá xa ser outorgado pola universidade ou centro universitario oficialmente recoñecidos no país correspondente.

Convoca: Fundación Mapfre

Dotación: o premio consistirá en 35.000 € en metálico e un diploma acreditativo.

Máis información:

<http://www.mapfre.com/fundacion/es/home-fundacion-mapfre.shtml>

Prazo de presentación: ata o 31 de maio de 2010

Premio Fundación Hefame a Teses Doutorais 2010 "Alimentos Funcionais e Saúde"

Fundación Hefame convoca cada dous anos un premio destinado a doutores e doutoras que realizen teses doutorais sobre temas de investigación vinculados directamente coa sanidade médico farmacéutica. En anos anteriores, os temas premiados estiveron relacionados con enfermidades neurodexenerativas, antibioterapia, cancro, gastroenteroloxía.

Para este ano o Padroado de Fundación Hefame elixiu como tema para premiar "Alimentos Funcionais e Saúde", un tema de extrema actualidade.

Características: a persoa titular da tese gañadora recibirá un premio que ascenderá a 3000 € acompañado dun certificado acreditativo, asinado e selado pola Fundación Hefame. A entrega do premio realizarase no transcurso dun acto que se anunciará chegado o momento oportuno e ao que será expresamente convidada a persoa gañadora deste premio.

Convoca: Fundación Hefame

Requisitos: ter nacionalidade española e ter lido a tese doutoral sobre o tema que se presenta ao concurso entre o 1 de outubro de 2007 e o 31 de marzo de 2010.

Prazo de presentación: antes do 31 de xullo de 2010

Máis información: <https://www.hefame.es/portal/html/punto9.htm> - webmaster@hefame.es

II Premio ISEP de Investigación en Psicología

O Instituto Superior de Estudos Psicológicos, ISEP, convoca o II Premio ISEP de Investigación en Psicología coa finalidade de recoñecer o labor de todos aqueles alumnos e alumnas de último curso ou recentemente licenciados que orientaron o seu practicum á investigación. Ademais deste recoñecemento, o ISEP tamén pretende fomentar a difusión, o estudo e os avances en novas áreas específicas, e en estratexias de avaliación e/ou de intervención propias da disciplina.

Convoca: Instituto Superior de Estudos Psicológicos (ISEP)

Dotación: concederánselles tres premios a tres participantes e reservarase o dereito a facer mención especial aos traballos que fosen seleccionados finalistas. O premio poderase considerar deserto se a comisión decide que ningún traballo reúne os requisitos para a súa concesión.

A dotación do premio para a segunda edición é de:

- 1.º premio: 1500 € + un ano de formación no ISEP
- 2.º premio: 750 € + un ano de formación no ISEP
- 3.º premio: un ano de formación no ISEP

Fonte e data da convocatoria: Instituto Superior de Estudos Psicológicos (ISEP) - 19/04/2010

Dirixido a alumnos e alumnas de último curso ou licenciados e licenciadas en Psicología máximo no ano académico 2007-2008.

Requisitos:

Aceptarase un só traballo por participante.

Os traballos serán practicums que fosen aprobados como final de licenciatura, máximo durante o ano académico 2007-2008.

Os traballos serán inéditos e orixinais e en ningún caso deberán ser premiados noutras convocatorias de premios e/ou recoñecementos. Non poderán presentarse traballos que inclúan táboas, gráficos ou imaxes doutros autores, sen o debido permiso explícito do autor (neste caso, incluírase no traballo unha copia do acordo).

A extensión máxima dos traballos será de 150 páxinas, incluídas portadas, referencias bibliográficas, táboas etc.

Os traballos presentaranse escritos a dobre cara, espazo interliñado de 1,5, letra Arial, tamaño 12.

Os traballos deberán conter índice, introdución e obxectivos, conclusións e referencias bibliográficas.

Enviaranse dúas copias impresas e unha copia en CD.

As persoas participantes no premio cédennlle ao ISEP o dereito a difundir o seu traballo, a través da súa páxina web.

Máis información: premioinvestigacion@isep.es

<http://www.isep.es/>

<http://becas.universia.net/es/index.jsp>

Prazo de presentación: ata o 3 de setembro de 2010

II Premio ISEP de Investigación en Psicología

O Instituto Superior de Estudos Psicológicos, ISEP, convoca o II Premio ISEP de Investigación en Psicología coa finalidade de recoñecer o labor de todos aqueles alumnos e alumnas de último curso ou recentemente licenciados que orientaron o seu practicum á investigación. Ademais deste recoñecemento, o ISEP tamén pretende fomentar a difusión, o estudo e os avances en novas áreas específicas, e en estratexias de avaliación e/ou de intervención propias da disciplina.

Convoca: Instituto Superior de Estudos Psicológicos (ISEP)

Dotación: concederánselles tres premios a tres participantes e reservarase o dereito a facer mención especial aos traballos que fosen seleccionados finalistas. O premio poderase considerar deserto se a comisión decide que ningún traballo reúne os requisitos para a súa concesión.

A dotación do premio para a segunda edición é de:

- 1.º premio: 1500 € + un ano de formación no ISEP
- 2.º premio: 750 € + un ano de formación no ISEP
- 3.º premio: un ano de formación no ISEP

Fonte e data da convocatoria: Instituto Superior de Estudos Psicológicos (ISEP) - 19/04/2010

Dirixido a alumnos e alumnas de último curso ou licenciados e licenciadas en Psicología máximo no ano académico 2007-2008.

Requisitos:

Aceptarase un só traballo por participante.

Os traballos serán practicums que fosen aprobados como final de licenciatura, máximo durante o ano académico 2007-2008.

Os traballos serán inéditos e orixinais e en ningún caso deberán ser premiados noutras convocatorias de premios e/ou recoñecementos. Non poderán presentarse traballos que inclúan táboas, gráficos ou imaxes doutros autores, sen o debido permiso explícito do autor (neste caso, incluírase no traballo unha copia do acordo).

A extensión máxima dos traballos será de 150 páxinas, incluídas portadas, referencias bibliográficas, táboas etc.

Os traballos presentaranse escritos a dobre cara, espazo interliñado de 1,5, letra Arial, tamaño 12.

Os traballos deberán conter índice, introdución e obxectivos, conclusións e referencias bibliográficas.

Enviaranse dúas copias impresas e unha copia en CD.

As persoas participantes no premio cédennlle ao ISEP o dereito a difundir o seu traballo, a través da súa páxina web.

Máis información: premioinvestigacion@isep.es

<http://www.isep.es/>

<http://becas.universia.net/es/index.jsp>

Prazo de presentación: ata o 3 de setembro de 2010

Concurso da Asociación Cultural Club Excelsior

Contido: obras escritas en castelán. O tema e a forma serán libres, serán orixinais e inéditas cunha extensión mínima de 30 versos e máxima de 100; poderán presentarse un máximo de tres obras por autor ou autora. Os orixinais deberán remitirse por triplicado e mecanografados a dobre espazo por unha soa cara.

Convoca: Asociación Cultural Club Excelsior

Requisitos: poetas interesados/as

Dotación: un primeiro premio de 1500 €, flor natural e placa; e un accésit primeiro de 900 € e placa

Máis información: 96 570 07 89

Data de solicitude: 25/06/2010

Premio La Caixa de Ciencias Sociais

Contido: as investigacións que concursen tratarán da realidade social española desde unha perspectiva nacional ou internacional comparada. Serán traballos inéditos e non publicados en libros ou revistas científicas, finalizados e listos para a súa publicación. Os traballos estarán redactados en castelán, en catalán ou en inglés. A extensión dos orixinais non será inferior aos 300.000 caracteres nin superará os 400.000.

Convoca: Obra Social La Caixa

Requisitos: investigadores e investigadoras individuais ou grupos de investigación

Dotación: 40.000 €

Máis información: <http://www.lacaixa.es/obrasocial>

Prazo de solicitude: ata o 31 de maio de 2010

Festival Internacional de Cine Euroárabe Amal 2010

O Festival Internacional de Cine Euroárabe Amal 2010 está organizado pola Fundación Aragonés _ Puente de Culturas, e desenvolverase en outubro de 2010, en Santiago de Compostela (España).

As obras presentadas en competición serán elixidas polo Comité de Selección do Festival. Poderá presentarse calquera película, documental ou curtametraxe producida nun país árabe ou coproducida entre outros países. Tamén poderán participar as obras producidas en calquera lugar do mundo que aborden temas relacionados co mundo árabe.

Os traballos presentados deberán estar realizados durante os anos 2008-2010.

Máis información:

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/rix/boletinsemana>

Prazo de presentación: ata o 15 de xuño de 2010

Concurso para músicos e grupos de pop rock dos 27 países europeos

A Fundación Santander 2016 convoca un concurso EuroDemo para músicos e grupos de pop rock dos 27 países europeos, en colaboración con Myspace. O primeiro concurso europeo de maquetas de pop e rock e outras disciplinas artísticas relacionadas.

EuroDemo é un concurso europeo que ten como obxectivo promover, difundir e premiar a grupos musicais, ilustradores/as, realizadores/as de videoclips e deseñadores/as da Unión Europea. A través da plataforma MySpace.com e coa colaboración da discográfica Subterfuge, EuroDemo Santander 2016 é un proxecto amplo que se presentará o día 13 de marzo cunha xornada de concertos no Palacio dos Deportes de Santander, e culminará coa gran final no mes de novembro, onde actuarán os/as 27 finalistas representantes de cada un dos países.

Máis información:

http://www.santander2016.eu/esp/noticias/329_17.02.2010.php

Prazo de presentación: ata o 13 de maio de 2010

CAM-UMU de novela "Vargas Llosa"

As obras, de tema libre, deberán ser inéditas, que non fosen publicadas nin total nin parcialmente, nin ser premiadas en ningún outro concurso, certame ou actividade literaria. Presentaranse un orixinal e dúas copias en formato DIN A4, mecanografadas por unha soa cara, a dobre espazo, en corpo de letra de 12 puntos, tipo estafes new roman e un máximo de 30 liñas por folio. Estarán paxinadas e debidamente encadernadas. Extensión non inferior a 150 páxinas.

Convoca: Universidade de Murcia e Caixa Mediterráneo

Requisitos: autores/as de nacionalidade española ou estranxeiros/as

Dotación: 12.000 €

Praza de presentación: ata o 16 de xullo de 2010

Máis información: Caixa Mediterráneo. Obra Social Dirección Territorial en Murcia <http://obrasocial.cam.es>

III Concurso de historia para mozos/as Heroes e heroínas locais

Requisitos: mozos e mozas que cursen estudos de 4.º da ESO, 1.º e 2.º de bacharelato, FP regulada e ESPA, menores de 21 anos.

O tema é o propio da área de coñecemento do/a estudante. As mozas e os mozos convértense en historiadores e narradores do que os rodea e para iso sacan á luz elementos clave da historia que non aparecen nos libros de texto.

O formato da historia é libre e non debe exceder as 100 páxinas a dobre espazo.

Dotación: un primeiro premio de 2000 €, cinco segundos premios de 1000 €, dez terceiros de 500 € e 20 accésit de 200 €.

Convoca: Real Mestranza de Cabalaría de Rolda e Eustory (History Network for Young Europeans)

Consulta as bases en: <http://www.eustory.es>

correo: concurso@eustory.es

Prazo de presentación: ata o 15 de agosto de 2010

II Premio internacional de novela gráfica: Debuxando entre Culturas

Poderá presentarse un proxecto realizado por un só autor/a ou por varios autores/as integrantes que repartan as súas tarefas entre guionistas, debuxantes, entintadores e coloristas, que serán considerados coautores. Haberá que presentar unha proposta de cómic de entre 96 e 124 páxinas, e poderá ser en branco e negro ou en cor. A documentación que se deberá achegar consistirá nunha sinopse ampla (de polo menos dúas páxinas) incluíndo o título da obra e dez páxinas acabadas.

As obras deberán estar escritas en español, inglés ou francés, terán que ser orixinais e inéditas e estar ambientadas no Mediterráneo, no seu presente, no seu futuro ou na súa historia.

Valoraranse positivamente os contidos que poñan en valor a convivencia entre culturas.

Convoca: Fundación Tres Culturas do Mediterráneo

Premios: un premio de 1500 euros, suxeito ás retencións legais aplicables e un contrato de publicación coa Fundación Tres Culturas por valor de 13.500 euros, suxeito ás retencións legais aplicables.

A obra será publicada pola editorial Viaje a Bizancio, con quen o autor ou autores firmarán un contrato de edición. Esta editorial será tamén responsable da distribución, e co-editora da obra xunto coa Fundación Tres Culturas.

Consulta as bases en: <http://www.tresculturas.org>

Prazo de presentación: ata o 5 de outubro de 2010

Prácticas convocadas por organismos de carácter privado

Programas de prácticas para persoas tituladas da Fundación Universidade - Empresa

A Fundación Universidade - Empresa convoca os programas: Citius, Gaia e Óptimus para a realización de prácticas.

Requisitos:

Persoas tituladas superiores
Título obtido nos últimos catro anos

Máis información:

www.quieroserbecario.com

Fundación Universidad-Empresa info@fue.es

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Prazo de presentación: está aberto todo o ano

Prácticas en empresas no Reino Unido

Programa Xove Emprendedor Europeo

Convoca: Cámara de Comercio da Coruña

Requisitos: ser licenciados/as e diplomados/as universitarios/as preferiblemente en económicas, empresariais, dereito ou administración de empresas.

Ter un nivel alto de inglés oral e escrito
Coñecementos de informática
Idade máxima 27 anos (en setembro de 2010)
Ter menos dun ano de experiencia laboral
Coñecemento do tecido empresarial galego
Residencia en Galicia
Formación específica en comercio exterior

Máis información: Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña. Departamento de Comercio Exterior

Rúa da Alameda, 30, 3.º

15003 A Coruña

Tel: 981 216 074

Correo: comercioexterior@camaracoruna.com

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Programa de Prácticas de Laboratorio

- Programa de prácticas de laboratorio durante os meses estivais de xullo, agosto ou setembro.
- Programa de prácticas de laboratorio durante o curso académico (de outubro a maio).

Convoca: AECC. Fundación Científica da Asociación española contra o Cancro

Requisitos: ser estudante universitario en España, cursando estudos de segundo ciclo, sempre no ámbito das Ciencias da Saúde. Ter aprobados polo menos o 50% de todos os créditos da licenciatura.

Dotación:

500€ brutos ao mes para as persoas que resulten seleccionadas para o programa de prácticas durante os meses estivais. Adicionalmente, achegaranse 1.000€ para as persoas seleccionadas que teñan un lugar de residencia diferente ao do centro onde se realicen as prácticas.
400€ para as persoas que resulten seleccionadas para o programa de prácticas durante o curso académico.

Prazo de presentación: ata o 31 de decembro de 2010

Mais información:

http://www.todocancer.com/NR/rdonlyres/19384FE0-1B71-44CF-BF6E-F0CAF0EB777C/0/basesPPL_10.pdf

www.todocancer.org

Prácticas no estranxeiro

Prácticas no Parlamento Europeo para persoas discapacitadas

O Parlamento Europeo ofrece períodos de prácticas remuneradas a persoas con discapacidade como medida de acción positiva destinada a facilitar a súa integración no lugar de traballo. Os devanditos períodos de prácticas están abertos tanto a licenciados/as universitarios/as como a persoas cuxas cualificacións sexan dun nivel inferior ao universitario. As persoas solicitantes deste programa de prácticas remuneradas deberán: ser nacionais dun Estado membro da UE ou dun país candidato, ter unha idade superior aos 18 anos, ter un coñecemento exhaustivo dunha das linguas oficiais da UE e un bo coñecemento dunha segunda lingua.

Non gozar de ningún outro período de prácticas remunerado, nin desempeñar un traballo remunerado durante máis de catro semanas consecutivas nunha institución europea, nun grupo político ou no gabinete dun deputado ao Parlamento Europeo.
Ter certificado de discapacidade .

Convoca: o Parlamento Europeo

Máis información:

<http://www.europarl.europa.eu/parliament/public/staticDisplay.do?id=147>

Prazo de presentación: ata o 15 de maio, para comezar as prácticas o 1 de outubro.

Programa de pasantías na Oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos

Este programa de prácticas está dirixido a estudantes de posgrao e está dispoñible na Oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos.

O obxectivo da pasantía é: aumentar o coñecemento do/a interno/a en cuestións de dereitos humanos a nivel internacional e darlle unha idea do labor da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas.

As persoas seleccionadas participarán na investigación de cuestións de dereitos humanos, elaboración de documentos e informes analíticos, proporcionarán servizos substantivos e técnicos nas reunións.

Persoas beneficiarias:

Os/As participantes deben ser estudantes de posgrao con titulacións en disciplinas relacionadas co labor das Nacións Unidas, por exemplo, dereito internacional, ciencias políticas, historia ou ciencias sociais. Daráselles preferencia a aqueles/as que estean especializados/as en cuestións de dereitos humanos.

As pasantías non son remuneradas. Os gastos de viaxe e as axudas deben ser sufragadas polos propios internos/as. As persoas solicitantes deben ser patrocinadas por unha institución académica e deben ter un bo dominio de polo menos dous dos seis idiomas oficiais das Nacións Unidas, é dicir, inglés, francés, español, árabe, ruso e chinés.

As pasantías son por un período mínimo de tres meses e son renovables unha soa vez por un período adicional de tres meses. Os/As pasantes serán seleccionados dúas veces ao ano.

Máis información:

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

www.eurodesk.org

Períodos de prácticas no Comité Económico e Social

O Comité Económico e Social (CES) é un organismo consultivo que lles dá ás persoas interlocutoras económicas e sociais de Europa a oportunidade de emitir o seu ditame formal sobre políticas da UE.

Máis información: Boletín Eurodesk de febreiro de 2010

<http://www.eurodesk.eu/eddesk/Deadline.do>

Prazos de presentación: ata o 1 de abril para o período de formación en primavera e o 1 de outubro para o período de formación do outono.

Prácticas de tradución non remuneradas no Parlamento Europeo

O Parlamento Europeo ofrece períodos de prácticas de tradución na súa secretaría co fin de contribuír á formación profesional dos mozos e mozas, e á comprensión do funcionamento da institución.

Máis información: <http://www.eurodesk.org>

Prazo de presentación: ata o 15 de maio de 2010

Bolsas de Investigación Doutoral en Nova Zelandia

Bolsas de investigación para prestarlles apoio financeiro a estudantes de posgrao de países designados que buscan títulos de posgrao de investigación en universidades de Nova Zelandia.

Financiado polo Goberno de Nova Zelandia e administrado pola Educación de Nova Zelandia, as bolsas teñen por obxecto atraer os mellores estudantes internacionais, maximizar a capacidade de investigación e a produción de Nova Zelandia, construír máis alianzas de educación cos países e rexións participantes, mellorar o perfil internacional e a reputación das institucións de educación terciaria de Nova Zelandia.

Prazo de presentación: as solicitudes deben recibirse antes do 15 de xullo de cada ano.

Prácticas na Axencia Europea de Medicina

A Axencia Europea de Medicina organiza períodos de prácticas dúas veces ao ano para mozos e mozas licenciadas universitarias.

O programa pretende ofrecerlles ás persoas participantes unha visión das funcións da axencia e do seu papel dentro das actividades da Unión Europea.

Tamén lles permite adquirir os coñecementos prácticos nunha das unidades da EMEA e de adquirir experiencia profesional no exercicio da súa profesión.

O período de formación ten unha duración de polo menos seis meses e máximo de nove meses, a partir de outubro.

A axencia paga unha bolsa de subsistencia de 1250 libras esterlinas netas por mes e paga un subsidio de transporte.

Máis información: <http://www.eurodesk.org>

Prazo de presentación: ata o 15 de xuño de 2010

Prácticas na Axencia Europea de Dereitos Fundamentais (FRA)

A Axencia Europea de Dereitos Fundamentais (FRA) ofrece prácticas pagadas por períodos de tres a cinco meses a mozas e mozos licenciados. O seu obxectivo é proporcionarlle ao alumnado experiencia laboral na administración da cooperación, no ámbito dos dereitos fundamentais a nivel europeo co fin de obter unha visión dos obxectivos do FRA e pór en práctica os seus coñecementos.

O obxectivo é apoialos/as a que respecten plenamente os dereitos fundamentais cando adopten medidas ou establezan liñas de acción.

Máis información: <http://www.eurodesk.org/>

Prazo de presentación: ata o 31 de maio de 2010

Voluntariado

Campos de traballo 2010

A oferta de prazas en campos de traballo internacionais para o ano 2010 é de 849, distribuídas entre 34 países.

Se queres coñecer outras culturas e pobos mentres lles axudas ás demais persoas, o Injuve ofrécete esa oportunidade mediante o seu Programa Campos de Traballo, co que case 1000 mozos e mozas menores de 30 anos poderán realizar labores de voluntariado en varios países do mundo durante quince días e con estancia gratuíta.

Obxectivo: os campos de traballo para mozos e mozas teñen como fin fortalecer a aprendizaxe intercultural, o desenvolvemento persoal e o reforzo dos valores democráticos, á vez que desempeñan o seu traballo coma voluntarios e voluntarias.

Para levar a cabo esta actividade, o Instituto de la Juventud é membro do Comité de Coordinación do Servizo Voluntario Internacional, organización encargada de reunir todas as ofertas de asociacións de todo o mundo e repartilas entre os membros asociados.

Participación: para solicitar unha praza nun campo de traballo no estranxeiro, debes porte en contacto co organismo de xuventude da túa comunidade autónoma, onde che informaran dos trámites para cubrir o formulario de intercambio de voluntarios e voluntarias.

Convoca: INJUVE Instituto de la Juventud

Máis información: <http://www.injuve.migualda.es>

<http://www.xuventude.net/web/xuventude>

Voluntariado no Camiño de Santiago. Xacobeo 2010

O programa está destinado a todos os voluntarios e voluntarias que desexen colaborar en tarefas fundamentalmente informativas e culturais.

As persoas interesadas poden pórse en contacto coas oficinas municipais de información xuvenil.

Requisitos: maiores de 18 anos

Máis información: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Xunta de Galicia) e S. A. de Xestión do Plan Xacobeo

xacobeoweb@xacobeo.es

<http://www.voluntariadogalego.org/>

Cursos de idiomas no estranxeiro

Aberto o prazo para participar na oferta de cursos de idiomas no estranxeiro

A Xunta de Galicia participa, xunto con outras 12 comunidades autónomas, na oferta 2010 de cursos de idiomas no estranxeiro. Nesta iniciativa poden participar mozos e mozas de entre 16 e 30 anos, aínda que nalgún colexio tamén admiten menores de 16 anos. A oferta é tan variada como as condicións e prezos dos cursos, que van dende pouco máis de 400 € ata os 6000 €. Os idiomas que se poden aprender ou mellorar con esta iniciativa son o inglés, alemán, francés, ruso, italiano, portugués e chinés.

Para máis información e para anotarse, deberase chamar ao teléfono da Dirección Xeral de Xuventude 981 544 851 ou enviar un correo electrónico a idiomas@xunta.es

A información sobre todos os cursos dispoñibles, calendarios, prezos e condicións, pódela atopar na páxina web de www.xuventude.net

Recursos para atopar emprego en Francia

Presentámosvos www.optioncarriere.com un motor de procura de emprego para Francia. Opcionemploi dáche acceso a unha gran selección de traballos que son recompilados de diversas fontes de Internet, aforrando a molestia de ter que visitar cada páxina por separado. Non deixes de consultar as súas ferramentas.

<http://www.optioncarriere.com/>

<http://www.optioncarriere.com/partners/jobbox.html?s=&l=France&lid=57>

<http://www.optioncarriere.com/partners/searchbox.html>

Relación de páxinas webs con ampla información sobre traballo no verán no estranxeiro:

<http://www.summerjobs.com>

<http://www.justjobs4students.com>

<http://www.gapyearjobs.com>

<http://www.voovs.com>

<http://www.gumtree.com>

http://europa.eu/youth/working/working_holidays/index_eu_en.html

<http://www.justlanded.com/english/uk>

Webs para buscar bolsas:

<http://www.becas.com>

<http://www.mec.es>

<http://www.becasmae.es>

<http://www.aeci.es>

<http://www.060.es>

<http://www.becasfacil.com/>

<http://www.guiainjuve.migualdad.es/injuve/guia/index.jsp>

<https://oasext.mec.es/Sisinfprd/plsqlprd/becas>

<http://www.mundobecas.com/>

<http://www.oposicionesybecas.com/>

<http://www.rediris.es>

<http://becas.universia.es>

<http://www.yahoraquehago.org/>

